Cupressus funebris Endl., 1847

- ciprés fúnebre, alcipreste f.
- ciprés llorón
-
- xiprer fúnebre, xiprer plorós
- Chinese weeping cypress
- cipreste fúnebre, c. chorão da China



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Cupressus***

ORIXE

A China.

CARACTERÍSTICAS

Conífera monoica, perenne, de ata 20-25 m de altura. Copa densa, máis ou menos cónica ou piramidal con pólas longas ascendentes que finalmente se inclinan, dándolle un aspecto "chorón". Tronco monopodial, groso, con codia lisa, brillante, agrisada ou avermellada, que se torna escamosa e fisurada. Follas decusadas, imbricadas, dimórficas e escamosas. Conos masculinos solitarios, terminais, ovoide-oblongos, inicialmente verde-amarelados, que se tornan marrón claro. Conos femininos solitarios ou en grupos, en acios terminais péndulos, subglobosos, inicialmente verde-glaucos, que se tornan marrón escuro. Sementes obovado-rómbicas ou suborbiculares, aplanadas, marrón claro brillantes, con dúas ás estreitas opostas e desiguais.

HÁBITAT

Atópase en bosques mixtos de montaña ou en zonas arboradas degradadas. En solo calcario ou en limo areoso. Amplamente plantada. Dende os 300 aos 2260 m sobre o nivel do mar.

DISTRIBUCIÓN

Suroeste e centro da China. Introducida no leste de Asia e nalgunhas partes de África oriental, Suráfrica, Nova Zelandia, Europa e América do Sur.

CURIOSIDADES

Esta especie plántase amplamente na China como planta ornamental e é especialmente común nos terreos dos templos budistas. A súa madeira tamén se considera valiosa debido á súa durabilidade e tradicionalmente utilizábase para cadaleitos por este motivo.